

**U + Sociedade** P3

“A Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas”

Antonio Abril Abadín

PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UDC

**Reportaxe** P4-5-6

Feira Europea de Emprego

Beatriz Mato  
CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR

“A formación en tempos de crise é fundamental porque o empresariado busca cualificación e efectividade”



**U + Profesionais** P7

Ethel Vázquez Mourelle

PRESIDENTA DE AGUAS DE GALICIA



**Primeiro Plano** P8-9

Antonio Fontenla

PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

“A mobilidade europea de estudantes e profesionais é decisiva para o desenvolvemento económico”



**U + Debate** P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

Asunción López Arranz

José López Coira

**U + Empresa** P11

Corporación Voz de Galicia

A canteira dos comunicadores

**U + Transferencia** P12

O Parque Tecnolóxico, un espazo de convivencia que aproveita as fortalezas da UDC

**U + Emprendedores** P13

Telexerontoloxía  
Un produto pioneiro que revolucionará o mundo da asistencia domiciliar a persoas maiores

**U + Centros** P14

Terapia Ocupacional  
Especialistas en utilizar a actividade como arma terapéutica

**U + Actualidade** P15

Incrementábase a matrícula nun momento crucial da historia da Universidade da Coruña

**U + Personaxes** P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

PRESIDENTA AUTONÓMICA DE CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA



EDITA:

**Universidade da Coruña**

**Vicerreitoría de Cultura e Comunicación**

REITORÍA

RÚA DA MAESTRANZA 9

15001 A CORUÑA

TEL. 981 167 000 EXT. 1047

[comunicacion@udc.es](mailto:comunicacion@udc.es)

COORDINACIÓN, TEXTOS E FOTOGRAFÍA:

**Gabinete de Comunicación**

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

**Servizo de Normalización Lingüística**

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

**Sistema Diseño**

DEPÓSITO LEGAL:

**C 2038-2009**



## ENDEREZOS DE INTERESE

### Vicerreitoría de Ferrol e Relación Universidade-Empresa

R/DR. VÁZQUEZ CABRERA, S/N  
CAMPUS DE FERROL  
15403 FERROL  
TEL. 981 337 400 EXT. 3800  
[vfrue@udc.es](mailto:vfrue@udc.es)

### OTRI: Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación

EDIFICIO DE SERVICIOS CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN  
CAMPUS DE ELVIÑA S/N  
15071 A CORUÑA  
TEL. 981 167 173  
[ucotri@udc.es](mailto:ucotri@udc.es)

### Servizos de Apoio á Investigación

EDIFICIO SERVICIOS CENTRAIS DE INVESTIGACIÓN  
CAMPUS DE ELVIÑA S/N  
15071 A CORUÑA  
TEL. 981 167 000 EXT. 2072  
[sxaisec@udc.es](mailto:sxaisec@udc.es)

### Observatorio Ocupacional

CENTRO UNIVERSITARIO DE RIAZOR  
ALMIRANTE LÁNGARA S/N  
15011 A CORUÑA  
TEL. 981 167 000. EXT. 2651  
[col@udc.es](mailto:col@udc.es)

### Vicerreitoría de Investigación

RÚA DA MAESTRANZA 9  
15001 A CORUÑA  
TEL. 981 167 003  
[vi@udc.es](mailto:vi@udc.es)

### Portal de Emprego

<http://www.udc.es/saee/empregoudc/>

## INFORMACIÓN E SUXESTIÓNS

[comunicacion@udc.es](mailto:comunicacion@udc.es)

[www.udc.es](http://www.udc.es)

## Non abonda coa intención

### José María Barja

Reitor da Universidade da Coruña



É sabido que a universidade ten como fin esencial o desenvolvemento da docencia e a investigación. O que xa non é un lugar común, cando menos fóra dos campus, é que a Universidade da Coruña ten entre as súas prioridades facilitar o tránsito dos titulados ao mercado laboral.

As cifras de titulados que cada ano saen á rúa desde os nosos campus fan que consideremos que temos algo máis que unha responsabilidade académica sobre eles. Un total de 2.600 persoas saíron o ano 2009 cun título universitario debaixo do brazo. Para esas persoas e para as que están en condicións de acceder dentro de pouco ao mundo do traballo é para as que a Universidade da Coruña organiza diversas iniciativas encamiñadas a paliar a desorientación que inevitablemente xorde ao deixaren as aulas logo de varios anos de aprendizaxe.

A Feira Europea de Emprego é unha destas iniciativas, quizais a máis visible porque é a que congrega un número maior de persoas implicadas. É unha feira ao uso, un lugar de encontro para empresariado, estudantado e titulados, mais coa pegada da Universidade da Coruña. Conferencias sobre novas vías de busca

de emprego, como as que ofrecen as redes sociais da internet, e charlas específicas para favorecer a empregabilidade das mulleres, ademais de dispor desde hai anos dun portal de emprego, son actividades novidosas que camiñan ao par das circunstancias e das novas tecnoloxías.

Mais non queremos formar só traballadores, queremos que os nosos titulados ocupen os postos que lles corresponden na estrutura social, e para iso organizamos cursos de emprendemento e de cooperativismo, ou seminarios de planificación e xestión empresarial. Todo suma para que os nosos profesionais se insiran no mercado coas mellores garantías.

Máis cifras para a reflexión da estatística das persoas tituladas o ano pasado: 210 mestres, 108 enfermeiras, 60 filólogos, 114 enxeñeiros en Informática, 126 arquitectos, 107 diplomados en Empresariais, 192 avogados, 144 licenciados en Administración e Dirección de Empresas, 97 licenciados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte...

Por certo, do total de persoas que acadaron un título universitario en 2009 o 58% eran mulleres.



## “A Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas”

Antonio Abril Abadín

Presidente do Consello Social da Universidade

Universidade e Sociedade Blogpaper



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

Reportaxe P4-5

Feira Europea de Emprego

Entrevista P6

Beatriz Mato

U + Profesionais P7

Ethel Vázquez Mourelle

Primeiro Plano P8-9

Antonio Fontenla

U + Debate P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

U + Empresa P11

Corporación Voz de Galicia

U + Transferencia P12

O Parque Tecnolóxico

U + Emprendedores P13

Telexerontoloxía

U + Centros P14

Terapia Ocupacional

U + Actualidade P15

Incrementátese a matrícula

U + Personaxes P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

Entre os pasados días 18 e 20 de novembro realizáronse na Universidade das Palmas de Gran Canaria as Xornadas de Presidentes e Secretarios de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas e delas merece destacarse a consolidación definitiva da **Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas**. A Conferencia, constituída ao abeiro da LO 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, comezou a súa andaina no ano 2006 e agrupa xa 42 universidades do total das 47 que constitúen o mapa universitario público español, entre elas a Universidade da Coruña, que se adheriu no ano 2008. Nestas xornadas aprobouse o I Plano Estratégico 2010-2012 destes órganos, en que se definen cinco grandes liñas estratéxicas. Tendo en conta que os consellos sociais son o órgano de participación da sociedade na universidade, as funcións relevantes que desempeñan nos ámbitos do control económico e académico das universidades e o aínda maior que están chamados a desempeñar no campo da gobernanza universitaria, facíase imprescindible constituír unha entidade que unise as forzas de todos os consellos sociais para contribuír á mellora do sistema de educación superior, mediante o desenvolvemento de accións e programas que reforcen o papel social das universidades públicas españolas. Deste xeito, a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Públicas Españolas configúrase como o segundo gran interlocutor –xunto coa Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE)– ante o Ministerio de Educación para definir a estratexia da política universitaria española.

A primeira liña estratéxica do Plano 2010-2012 busca a mellora da calidade das ensinanzas universitarias e a súa adecuación ás necesidades sociais, no marco do Espazo Europeo de Educación Superior. Nesta liña inscribíase o obxectivo de que a participación dos consellos sociais no proceso de reforma das titulacións adaptadas a Boloña se traduza na efectiva adaptación da nova oferta académica ás necesidades da sociedade, e o de que os consellos sociais poidan acometer o establecemento de normas de permanencia do estudantado na universidade, en converxencia coas que existen no resto das universidades europeas.

A segunda liña estratéxica busca favorecer a proxección social das universidades públicas españolas por medio do fomento da transferencia de coñecementos e o espírito emprendedor. Nela enmárcanse os obxectivos de promover, a través dos planos anuais de actuación dos consellos sociais, as relacións da universidade co seu contorno, a responsabilidade social universitaria e as iniciativas que faciliten as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos na investigación universitaria, así como a creación de empresas de base tecnolóxica, en resposta ás necesidades e demandas sociais.

A terceira liña estratéxica pretende pular unha cultura organizativa e de xestión transparente e eficiente nas universidades públicas españolas, promover unha completa rendición de contas á sociedade e procurar que o actual modelo de financiamento das universidades públicas españolas, claramente regresivo, incorpore os principios de eficiencia e equidade, mediante unha maior participación dos beneficiarios concretos da actividade formativa da universidade no seu financiamento.

A cuarta liña estratéxica incide na mellora da gobernanza das universidades públicas españolas. Seguindo as prácticas habituais nos sistemas universitarios máis competitivos, que dan crecente protagonismo en competencias de índole estratéxica a órganos con presenza de membros externos á universidade, ao estilo dos “boards” estadounidenses, parece claro que os consellos sociais españois, pola súa natureza de órganos de participación social e carácter externo, ao estaren constituídos por personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social están chamados a desempeñar un papel fundamental nun futuro redeseño da estrutura orgánica universitaria, que necesariamente deberá tratar o modelo de gobernabilidade. Para iso, será necesario tratar o cambio lexislativo e a regulación adecuada dos consellos sociais, de modo que teñan o recoñecemento legal e institucional necesario para desenvolveren as súas funcións con autonomía operativa, suficiencia económica e en liña coa transcendencia das funcións que deben desempeñar.

Por último, a quinta liña estratéxica céntrase nas medidas que se desenvolverán para fortalecer a operatividade da propia Conferencia de Consellos Sociais.



## II Feira Europea de Emprego Un grande escaparate do mercado laboral para quen busca a súa primeira oportunidade

O Pavillón de Deportes do campus de Elviña converteuse unha vez máis no escenario da busca de novas oportunidades para os preto de 7.000 visitantes que se achegaron á II Feira Europea de Emprego, organizada pola Universidade da Coruña en colaboración coa Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia. Estudantes, titulados, desempregados en xeral, empresarios, asociacións, expertos en recursos humanos, directivos de entidades e institucións... A participación nesta segunda edición foi moi diversa e intensa, con mesas redondas, obradoiros, actividades, cafés de negocios e asesoramento persoal ou recepción de currículos nos postos, o que facilitou un achegamento directo entre o mundo educativo e o laboral. O obxectivo: ver e deixarse ver, formar e recibir formación, buscar candidatos para postos de traballo ou atopar unha boa oferta laboral, sen perder de vista os contactos entre empresas como Alcoa, Applus, Caixa Galicia, Caixanova, o Clúster Audiovisual Galego ou Tecnocom, por citar algunhas das numerosas entidades que instalaren expositores propios na feira.

A inauguración correu a cargo da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que lembrou que a mocidade é quen máis sofre o paro, polo que debe ser a primeira en ser atendida polas administracións. Na mesma liña expresouse o presidente da Deputación, Salvador Fernández Moreda, que insistiu na necesidade de apoiar a xente nova na procura dun traballo digno. Pola súa banda, o reitor da UDC, José María Barja, sinalou que é o momento de poñer toda a carne no asador, polo que aínda que ese servizo non está entre as competencias da institución académica, "sentímonos comprometidos a levar adiante todas as iniciativas posibles para achegarles o mercado laboral aos 3.000 titulados que cada ano saen da UDC".



## A experiencia das entidades participantes

### EGASA

Albert García, director de Xestión de Persoas



Unha das empresas que máis currículos recibiu no transcurso da feira foi Egasa, líder do sector do entretemento, con numerosos centros de ocio, casinos e outros establecementos, dos cales tres se atopan en Galicia. "A nosa proposta tivo moi boa acollida e resultoulles moi atractiva aos visitantes", sinalaba Albert García, director de Xestión de Persoas do grupo, que asegurou que nesta edición superaron as súas expectativas. A maioría das solicitudes foron de titulados en ADE, Dereito ou Empresariais. Os requisitos, ademais da formación, "unha alta dose de ganas e ilusión", xa que "a empresa pon os medios necesarios e o único que pide a cambio é a paixón e o compromiso dos seus empregados".

### CEGASAL

María Jesús Pérez Piñeiro, orientadora laboral



A Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) creouse en 1997 promovida polos colectivos de persoas con discapacidade máis representativas de Galicia. A súa misión é defender, promover, representar e converterse na plataforma de comunicación deste tipo de centros. Segundo explica María Jesús Pérez Piñeiro, orientadora laboral do colectivo, son 800 os discapacitados que traballan en centros repartidos por toda Galicia, para sectores como panadería, carpintaría, automoción, medio, artes gráficas ou téxtil. O grande

obxectivo da asistencia á feira de Cegasal foi facer visibles entre o empresariado as aptitudes deste tipo de traballadores para conseguir o seu tránsito á empresa ordinaria. Lembra a orientadora laboral que "aínda existen moitas suspiciás á hora de contratar persoas discapacitadas".

### Farmacéuticos Mundi

Laura del Río



A Feira Europea de Emprego tamén contou coa presenza de organizacións non-governamentais como Farmacéuticos Mundi, xa que a cooperación internacional é un campo con bastantes vacantes de traballo, mais requisitos moi esixentes. Así o explicaba Laura del Río, membro deste colectivo, que lembra que as actividades solidarias non poden descansar apenas sobre o voluntariado. Entre os profesionais máis demandados destacan os sanitarios, titulados en carreiras de ciencias sociais ou enxeñeiros. "Case todo o mundo ten cabida porque é moito o traballo que hai que desenvolver", tanto no estranxeiro como no contorno máis próximo.

### Ecodesarrollo Gaia

Guillermo Fernández Obanza



Pola súa banda, Guillermo Fernández Obanza, de Ecodesarrollo Gaia, cualificou como "excelente" a ocasión brindada pola II Feira Europea de Emprego para amosar o seu traballo nas ONG, para lembrar que "está a desenvolverse un nicho importantísimo de inserción profesional na cooperación internacional e nas accións solidarias en xeral".



## A experiencia das persoas asistentes

**ELISABETH MUÍÑOS** (22 ANOS)  
**JOSÉ FRANCISCO ROJO** (24 ANOS)  
E **TAMARA MUÍÑOS** (23 ANOS)  
ESTUDOS: ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS



Elisabeth e Tamara remataron a carreira o curso pasado e están a realizar prácticas en empresas. Consideran que a feira é unha boa oportunidade para ir coñecendo o mercado laboral e para entregar currículos. Non esquecen que o escenario actual é "complicado" e confesan que lles produce vertixe saír da facultade en plena crise. O mesmo opina José Francisco Rojo, que está centrado en rematar a carreira, mais aproveitou a feira para empezar a coñecer o mercado. Unha visita que recomenda a todos os universitarios.

**RAQUEL PELAZ ABELEDO** (23 ANOS)  
ESTUDOS: MAXISTERIO EN EDUCACIÓN PRIMARIA



Raquel achegouse á feira para "ver se hai algunha oferta". Porén, nesta edición comprobou que "apenas hai nada para mestres", xa que, tal como ocorre no mercado laboral, ofrécense máis postos para Administración e Dirección de Empresas ou para carreiras técnicas. Para ela o futuro está nas oposicións e cando remate a carreira este ano serán o seu próximo reto.

**SUSO VALENCIA** (24 ANOS)  
ESTUDOS: ENXEÑARÍA INDUSTRIAL



Explorar o mercado. Suso Valencia acudiu ao Pavillón de Deportes con ese obxectivo, e confesa que atopou máis do que agardaba. Espera rematar moi pronto a carreira e ver que hai ofertas para a súa titulación deulle novos azos. E se cómpre dar o salto e viaxar non hai problema. El está disposto, e avalado pola experiencia dunha bolsa Erasmus o curso pasado.

## As fórmulas máis novidasas

### O desembarco do networking laboral

#### Entrevista a Rosaura Alaustrel



A formación e a divulgación ocuparon lugares destacados nesta feira. Unha das intervencións que maior interese suscitou foi a de Rosaura Alaustrel, pioneira na difusión do networking laboral en España. Unha práctica con que cada vez máis profesionais están familiarizados e que consiste en crear e organizar contactos a

través da rede. "Coñecer xente dun xeito **estratéxico**", explicaba Rosaura Alaustrel, ao tempo que recomendaba non confundir este concepto co "enchufismo de toda a vida". As persoas partidarias dos contactos presenciais poderán argumentar que esta habilidade social xa existe de sempre, algo que comparte esta experta, que lembra que "a base segue a ser o contacto de **persoa a persoa**", mais o que fai a internet é universalizar e multiplicar as posibilidades de establecer as redes.

Os intereses poden ser formativos, empresariais, para compartir experiencias ou claramente para atopar emprego. De feito, o 80% dos postos de traballo interesantes non chegan aos destinatarios por medio de ofertas convencionais, senón que se xeran a través de contactos de calquera índole. Un motivo máis que estimulante para ampliar horizontes na elaboración da axenda e poñerse mans

á obra de empezar a manexar algunha das redes profesionais que existen na actualidade, como linkedin ([www.linkedin.com](http://www.linkedin.com)), que conta con medio millón de usuarios en España; Xing ([www.xing.com](http://www.xing.com)) ou Viadeo ([www.viadeo.com](http://www.viadeo.com)).

Ora que, como sinalaba Rosaura Alaustrel, non é chegar e triunfar. Para que unha rede comece a funcionar por si mesma existen catro fases: coñecer xente; organizala a través da axenda, recursos tecnolóxicos, a rede etc.; trazar unha estratexia e, por último, deixar que esa rede funcione e as ofertas vaian chegando. En acadar ese obxectivo non se tarda menos de cinco anos, polo que a experta lles recomenda aos estudantes que xa nos primeiros anos da carreira vaian xestionando as súas redes de contactos, entre as que as plataformas existentes na internet irán ocupando un papel cada vez máis determinante.





Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

Reportaxe P4-5

Feira Europea de Emprego

Entrevista P6

Beatriz Mato

U + Profesionais P7

Ethel Vázquez Mourelle

Primeiro Plano P8-9

Antonio Fontenla

U + Debate P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

U + Empresa P11

Corporación Voz de Galicia

U + Transferencia P12

O Parque Tecnolóxico

U + Emprendedores P13

Telexerontoloxía

U + Centros P14

Terapia Ocupacional

U + Actualidade P15

Incrementátese a matrícula

U + Personaxes P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

## Entrevista a Beatriz Mato

Conselleira de Traballo e Benestar

“A formación en tempos de crise é fundamental porque o empresariado busca cualificación e efectividade”

Recentemente, a Universidade da Coruña organizou a II Feira Europea de Emprego. Que lle pareceu a iniciativa para apoiar a empregabilidade dos universitarios?

O feito de que xa se celebre a segunda edición pon de manifesto a súa consolidación e o seu éxito. Temos que aplaudir todas as iniciativas de dinamización do mercado de cara á xente nova e ademais colaborar con elas, porque a situación actual require sumar esforzos e participar naquelas accións que como a da UDC inciden directamente nos mozos e nas mozas. Hai unha realidade que a universidade e o Goberno coñecen: sendo a mellor formada das últimas décadas, a mocidade ten moitos problemas para acceder ao mercado laboral.

De feito, este colectivo está a ser un dos máis azoutados pola crise. Cales son as políticas que está a poñer en marcha a Consellería para apoiar a súa inserción laboral?

Nos momentos de crise o primeiro colectivo que cae é a mocidade, porque dalgún xeito o empresariado cando contrata busca o máximo de efectividade. Quere alguén con experiencia, e iso non se dá na xente nova. Por iso, no Plano de emprego xuvenil imos poñer unha serie de medidas sobre a mesa, como incentivar empresas creadas por menores de 35 anos cunha porcentaxe do 75% do persoal nesa franxa de idade, a creamos un selo “mozo”. Tamén queremos avanzar na conciliación da vida estudantil e laboral, porque hai moitos mozos e mozas hoxe en día que traballan e estudan. É unha fórmula que está sen desenvolver e debe incluírse no Plano de emprego xuvenil. De igual maneira, manteremos a fórmula de incentivar a contratación en empresas das persoas menores de 35 anos.

A taxa de desemprego está a acadar índices preocupantes. Cal é o seu diagnóstico de cara ao ano 2010?

É unha das nosas eivas. Concretamente a dos menores de 25 anos anda contra o 30%, cando hai apenas catro anos era do 16%. Non podemos dicir que teñamos ante nós un panorama positivo, mais si é verdade que se agarda que a finais de 2010 a nosa economía remonte. De feito, os orzamentos da Xunta para o próximo exercicio deseñáronse cunha expectativa de crecemento. Esperamos acabar o ano 2010 cunha taxa de paro xeral do 15%, o que significa un incremento de dous puntos. Mentres medre o paro, este Goberno non poderá facer unha valoración positiva, mais se no último ano o aumento foi de catro puntos, que en 2010 o sexa de dous significa que se minora a situación, o que é un síntoma claro de mellora da economía galega. Temos que frear unha caída libre, que é onde estamos, para iniciar o 2011 na senda do crecemento.

Ademais da mocidade, cales son os colectivos máis vulnerables?

Para a nosa desgraza hai moitos colectivos que quedan á marxe da sociedade e cómpre facer un esforzo especial para integralos. Entre eles está o das persoas discapacitadas. O 98% deste colectivo podería ter acceso a un posto de traballo e, no entanto, apenas accede a metade. Eu creo que existe aínda unha especie de barreira psicolóxica á hora de contratar unha persoa con discapacidade, sobre todo se é psíquica. Con todo, aqueles empresarios que fan esta aposta logo transmiten que a experiencia é fabulosa e, de feito, repiten. Tamén hai colectivos en risco de exclusión como o das persoas paradas de longa duración que xa esgotaron a prestación e os subsidios, ás cales debemos apoiar, porque o empresariado non aposta pola xente que leva moito tempo desempregada. Outros grupos con dificultades aos cales prestaremos axuda son o de gais, lesbianas e sobre todo transexuais, ou ex presidiarios e persoas con enfermidades como a SIDA.

E o colectivo feminino?

Eu non o incluío neste grupo en exclusión. Si é verdade que a masiva incorporación da muller ao mercado laboral superou a velocidade de resposta da propia sociedade, mais si está a se integrar. Onde temos que facer esforzos, ademais de apoiar a súa integración laboral, é na consolidación dos empregos, na igualdade salarial e no acceso a postos de decisión, que segue a ser unha utopía, porque en Galicia só o 6% dos postos de decisión en empresas e na Administración é ocupado por mulleres. Iso dinos que queda moito por facer. De feito, a proporción de mulleres tituladas

está superando en porcentaxe a dos homes, mais esa correlación non se reflicte no mercado laboral.

O último informe do Observatorio Ocupacional da UDC outorgaba moi bos resultados á inserción laboral dos titulados coruñeses. Considera que a crise lle afectará moito ao segmento dos titulados superiores?

Eu creo que afecta, aínda que menos. A optimización dos recursos nestes tempos de crise é a táctica de calquera empresario, que busca a máxima efectividade e que a atopa na persoa empregada mellor preparada, cunha formación axeitada e posibilidades de polivalencia e movemento na súa empresa. Até agora os titulados con preparación técnica van capeando a crise, o cal confirma que temos que facer unha grande aposta pola formación en todos os colectivos, non só de titulados superiores. Porque evidentemente nas empresas fan falla arquitectos e enxeñeiros, mais tamén administrativos e operarios. Por tanto, constátase que a formación en épocas de crise é importantísima.

Ante a dificultade de atoparen un traballo, moitos titulados están barallando a posibilidade do autoemprego. Que tipo de apoio ofrece a Administración autonómica para os emprendedores?

Cando eu estudaba, a cultura emprendedora non existía. Ninguén falaba de montar un negocio, se non era por herdanza familiar ou por inqueданzas moi concretas. Creo que hai que facer un labor desde o principio, xa na educación secundaria, de fomento da cultura emprendedora. Este Goberno vai deseñar, por medio da Mesa do Autónomo, diversas políticas para consolidar estes profesionais e convertellos nunha rede de contratación, porque por cada autónomo créanse 1,2 postos de traballo. E logo está o apoio á persoa emprendedora, en que as políticas se vinculan non só á xente nova, senón a calquera persoa, porque a cultura empresarial non entende de idades.

Como se percibe desde a Consellería de Traballo o proceso de converxencia europea na educación superior?

Eu vexo que é un proceso complexo, mais ambicioso, sobre todo para as persoas que cremos na Unión Europea. De feito, esa aposta existe no meu departamento, a través da Dirección Xeral de Xuventude, que ten un plano específico para que a nosa xente moza teña a posibilidade de acadar experiencia en empresas ou en organismos europeos. Desde logo, o noso goberno ten clarísima a identidade propia de Galicia, mais sen esquecer que está dentro de España e dentro da Unión Europea. Por tanto, todo o que signifique abrir fronteiras, e moito máis no tema da formación, vai ser fomentado desde este Goberno.

## Ethel Vázquez Mourelle

Presidenta de Augas De Galicia

“A UDC e a Administración hidráulica están traballando en proxectos moi importantes para Galicia”

Ethel Vázquez Mourelle (Ponteceso, 1972) forma parte da primeira promoción de persoas tituladas na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. Tras rematar a carreira no ano 1996 a súa traxectoria foi imparable, até acadar en 2005 o posto de xefa da Área Técnica da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e asumir, en maio de 2009, a presidencia de Augas de Galicia.



**Que lembranzas conserva con máis cariño da súa época como universitaria na Coruña?**  
Moitas e moi boas. Eramos moi poucos na Escola de Camiños da Coruña cando eu estudei e o compañeirismo entre todos era total.

**Que lle achegou principalmente o seu paso pola Universidade da Coruña no ámbito persoal?**

Bos amigos e boas amigas.

**E nos ámbitos académico e profesional?**  
Principalmente capacidade de traballo.

**Estudaría de novo a mesma carreira na mesma universidade?**  
Desde logo, sen dúbida.

**Cando rematan a carreira, antes do seu acceso ao mercado laboral, moitos estudantes atópanse nun limbo en que, en ocasións, se senten perdidos. Como foi a súa experiencia naquel momento?**  
Eu comecei a traballar axiña, era da primeira promoción da Escola de Camiños da Coruña, había poucos enxeñeiros no mercado e existía demanda de traballo neste ámbito. Cando empecei a traballar tiven a sorte de contar cun xefe con moitísima experiencia en obras hidráulicas e que se preocupou por me ensinar todos os seus coñecementos.

**Parécelle importante a formación de posgrao con vistas a un mellor e máis rápido acceso ao mercado laboral?**  
A formación nunca está de máis, sobre todo en temas moi especializados que despois sabe recoñecer o mercado laboral.

**Vostede acadou un posto de gran relevancia na Administración. Cando estudaba a carreira pensaba que ía chegar a ese nivel?**  
Non, en absoluto. O único que pensaba era que me gustaba moito o mundo da hidroloxía e da hidráulica. Posteriormente a vida foime levando cara á Administración.

**Tivo que facer moitos sacrificios para chegar onde está?**  
Se entendemos por sacrificio traballar moito, debo dicirle que si. Desde sempre dediquei moitas horas ao traballo. A vantaxe que teño é que me gusta o meu traballo.

**Cales son as maiores satisfaccións ao longo do seu labor en Augas de Galicia?**  
Desde que son presidenta de Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos podo salientar proxectos acadados como poñer en explotación o sistema de saneamento da conca do río Louro e a depuradora de augas residuais de Guillarei, instalacións que estaban rematadas hai moitos anos sen que se puideran poñer en explotación. Tamén licitamos varios planos de saneamento locais nas rías de Arousa e O Burgo, planos de saneamento novidosos porque terán en conta o medio receptor e se aplicarán técnicas de sustentabilidade. Ademais, contamos xa cun texto de anteprojecto de

lei de augas de Galicia, co que se están a poñer as bases para implantar un modelo de xestión en materia de explotación de depuradoras de augas residuais en Galicia, con criterios de xustiza tributaria e solidariedade territorial, totalmente necesario e que cumpre integramente cos requisitos marcados pola Directiva marco da auga.

**E o seu principal reto pendente neste posto?**  
Poñer en marcha a lei de augas de Galicia, totalmente necesaria; e, por suposto, sanear as rías galegas.

**Gustaríalle continuar na Administración ou non descarta volver á empresa privada no futuro?**  
Actualmente só penso na Administración porque estou totalmente centrada no meu labor en Augas de Galicia. Conto cun equipo estupendo, estamos traballando moi duro e o único que me pasa pola mente é traballar e traballar para conseguir os obxectivos marcados polo Goberno galego.

**Que lle parece o Espazo Europeo de Educación Superior e o paso de todas as titulacións a grao? Cre que o estudantado debería ampliar máis as súas fronteiras e mirar cara a Europa á hora de afrontar o seu futuro laboral?**  
Todo o que contribúa a unha mellor formación e máis práctica será positivo; e, desde logo, Europa segue a ser unha referencia técnica en moitos campos.

**Que lle recomendaría ao alumnado que nestes momentos está a rematar a carreira de Enxeñaría de Camiños?**  
Que con esforzo e traballo pode chegar onde se propoña.

**Considera que a Universidade da Coruña está a facer esforzos para intensificar a relación entre a institución académica e a empresa?**  
Si, desde logo. Concretamente coa Administración hidráulica de Galicia (Augas de Galicia e Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos) están colaborando en temas importantes. O exemplo máis significativo é o das Instrucións técnicas para obras hidráulicas de Galicia. Estas instrucións teñen como obxectivo mellorar a calidade dos proxectos e obras hidráulicas en Galicia, unificaren criterios de deseño e metodoloxías de cálculo. A colaboración da Escola de Camiños neste tema foi esencial para contar actualmente coas instrucións que presentaremos de forma inmediata e, así, intentar facer unha mellor Administración hidráulica de Galicia.



## Antonio Fontenla

Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia

POR CARMINA ESCRIGAS

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

Reportaxe P4-5

Feira Europea de Emprego

Entrevista P6

Beatriz Mato

U + Profesionais P7

Ethel Vázquez Mourelle

**Primeiro Plano P8-9**

**Antonio Fontenla**

U + Debate P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

U + Empresa P11

Corporación Voz de Galicia

U + Transferencia P12

O Parque Tecnolóxico

U + Emprendedores P13

Telexerontoloxía

U + Centros P14

Terapia Ocupacional

U + Actualidade P15

Incrementátese a matrícula

U + Personaxes P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

### “A mobilidade europea de estudantes e profesionais é decisiva para o desenvolvemento económico”

Antonio Fontenla (A Coruña, 1943) é presidente da Confederación de Empresarios de Galicia desde o ano 2001. Compaxina este cargo coa presidencia da patronal da provincia coruñesa e forma parte do comité executivo e da xunta directiva da Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE). Fontenla é un destacado empresario vinculado ao sector da construción. A súa vocación vénlle de tradición familiar, pois é fillo e irmán de construtores. Estudou apareladores en Madrid e, unha vez finalizada a carreira, volveu á empresa familiar, Construcciones Fontenla, para facerse cargo dela xunto cos seus irmáns e convertela nunha das máis importantes do sector en Galicia. Con respecto á súa vocación asociativa, levouno a ocupar altos cargos nas organizacións empresariais coruñesa, galega, española e comunitaria. En 1994 foi designado presidente da Confederación Europea da Construción, momento en que se converteu no primeiro empresario español en ocupar a presidencia desta organización. No ámbito nacional, Antonio Fontenla foi, até abril de 1998, vicepresidente da Confederación Nacional da Construción, posto que deixou para dinamizar a actividade tanto da Asociación Provincial de Empresarios da Construción da Coruña como da Federación Galega da Construción. Desde mediados de 2002, Fontenla ocupa tamén a presidencia da Sociedade de Garantía Recíproca Afígal e forma parte do Club de Economía Iñás, fundado e promovido por Caixa Galicia, entidade da que tamén é conselleiro.

#### Para ser empresario hai que nacer ou vaise aprendendo?

Sen ningunha dúbida, para ser empresario hai que ter vocación e capacidade para asumir riscos e tomar decisións, ás veces en condicións de dificultade. A vocación, por tanto, é imprescindible, aínda que como ocorre noutras facetas da vida, a aprendizaxe axuda a desenvolver as calidades individuais.

#### Vostede estudou Arquitectura Técnica e despois volveu á empresa familiar. Pensa que a formación é fundamental para triunfar na súa profesión?

Por suposto. Para desenvolver con éxito calquera actividade é preciso formarse. No caso concreto da miña profesión, a universidade prestoume a formación teórica, a base... A práctica adquirina traballando arreo na empresa familiar.

#### Tamén hai moitos casos no empresariado da “persoa feita a si mesma”. O segredo é saber adaptarse?

O segredo é dispor de condicións e formación suficiente para desenvolver de maneira axeitada o traballo que se está a realizar. A partir de aí, todo é máis doado.

#### Como principal representante da patronal en Galicia, e máis en concreto na provincia da Coruña, cales cre que son as principais inxerencias do empresariado nestes momentos?

Vivimos unha situación difícil. A crise pola que atravesamos ten obviamente unha incidencia directa no mundo empresarial. As nosas compañías teñen problemas de liquidez e a obtención de financiamento por medio de créditos non é doada. Iso é o que máis nos preocupa aos empresarios nestes momentos.

#### A actual crise económica está provocando en España un índice de desemprego alarmante. Cal é o seu diagnóstico para o ano 2010?

A situación precisa de políticas que minoren o impacto da crise no tecido produtivo e que senten as bases para unha nova etapa. Precisamos medidas de amplo alcance e aplicación. E a que concentra un consenso máis xeneralizado é a necesidade de reformar o marco regulador do mercado de traballo. O modelo que na actualidade delimita as relacións laborais actúa como un xustillo que entorpece o crecemento

das empresas e penaliza a creación de novos empregos; constitúe, xa que logo, un obstáculo para a reactivación da economía. Neste sentido, se non acadamos un índice máis elevado de competitividade e non se reorienta a política económica, as previsións para o ano 2010 non son en absoluto optimistas.

#### Dous dos colectivos máis azoutados son o da xente nova e o das mulleres. Considera que a política de incentivos é suficiente para favorecer a inserción laboral destes colectivos ou son necesarias outras medidas de apoio?

Favorecer a inserción laboral da mocidade é un obxectivo que debe ser irrenunciábel. E para iso é preciso revitalizar e incentivar o mercado de traballo, eliminar moitos dos condicionantes que actualmente actúan a xeito de freo. A mellora da contratación laboral e a redución dos custos da Seguridade Social son propostas presentadas polo empresariado que ampliarían a capacidade de creación de novos postos de traballo. En resumo, a flexibilización das actuais cargas laborais e a aplicación doutras medidas económicas e fiscais axudarían a reverter o actual deterioro do mercado laboral.

#### Que políticas cre que debe aplicar o Goberno galego para apoiar a inserción laboral da mocidade?

A resposta a esta pregunta está implícita na anterior. É dicir, os gobernos –o autonómico tamén– dentro dos seus correspondentes marcos competenciais teñen que ordenar xuridicamente tanto o mercado laboral como o fiscal de tal xeito que a inserción da xente nova, neste caso da galega, sexa un aliciente para as empresas da nosa comunidade.

#### Pensa que a crise vai desembocar nun cambio de valores e modos de facer no sector empresarial, tal como se insiste en diversos foros, ou unha vez superada a tempestade vai quedar todo máis ou menos igual?

Non teño dúbida de, que unha vez superada a crise que a todos nos preocupa, nada será igual ao ocorrido até agora. Hai que ter en conta que a crise actual é estrutural e de valores, polo que están a chegar novos tempos. Así que todos os empresarios, traballadores e a propia sociedade teremos que afrontar novos retos.



**Nestes momentos complicados, a universidade está a apostar cada vez máis por fortalecer os lazos de unión co empresariado e aproveitar as fortalezas comúns. En concreto, a Universidade da Coruña desenvolveu numerosas iniciativas neste sentido, como a creación do Parque Tecnolóxico, a Feira de Emprego ou o Viveiro de Empresas. Cal é a percepción do empresariado sobre este esforzo?**

A aposta é común. Tanto a universidade como o movemento empresarial temos claro que é necesario estreitarmos lazos de unión e colaboración. Nin a universidade pode vivir de costas ás empresas, nin estas de costas á comunidade universitaria. No caso concreto da Coruña, aplaudo e agradezo o esforzo e as iniciativas tomadas a prol de reforzar a colaboración entre universidade e empresa.

**Outro dos retos da universidade é transferirlle o coñecemento á sociedade. Un dos principais axentes nesa transferencia é a empresa. Cre que a universidade se achega o suficiente a este sector ou o contorno académico aínda se ve moi afastado?**

Insisto en que a relación entre a universidade e a empresa mellorou moito, ora que aínda queda moito camiño por percorrer, sobre todo na tarefa da transferencia do coñecemento, cuestión imprescindible para avanzarmos no proceso de modernización da sociedade e mellora da competitividade das empresas.

**Tamén se insiste desde o ámbito académico en que as empresas teñen que facer unha maior aposta pola I+D+i. Está de acordo?**

Por suposto, e neste sentido teño que dicir que se están a facer importantes esforzos en que participan todos os axentes implicados no desenvolvemento da I+D+i. Mais, como ocorre coa interrelación entre empresa e universidade, aínda queda moito camiño por percorrer.

**Normalmente as que asinan convenios con grupos de investigación ou aplican os resultados acadados por eses grupos son as grandes empresas, aínda que o apoio académico á pequena empresa en proxectos máis modestos pode ser moi frutífero. Cre que nunha comunidade onde o seu peso específico é enorme, as pemes deberían perderlle o medo á universidade?**

Non se trata precisamente de perderlle o medo, que non llo teñen. Trátase, sobre todo, de establecer canles de participación máis transparentes, máis permeables; en definitiva, máis doadas, atractivas e eficaces.

**O último informe do Observatorio Ocupacional da UDC constata que a inserción profesional dos titulados coruñeses acadou un nivel moi alto. Opina que os universitarios saen ben formados para se desenvolveren no mercado laboral? Os universitarios coruñeses teñen unha sólida e excelente formación de carácter teórico, malia que é preciso afondar na mellora da formación práctica. E para**

iso, insisto, é preciso perfeccionar os instrumentos e os medios de colaboración entre a comunidade universitaria e o sector empresarial.

**Cal é o perfil da persoa empregada ideal?**

É moi doado de definir: traballadora, responsable e leal coa súa empresa.

**Algúns dos titulados que saen da universidade reparan no autoemprego como saída laboral. Que consello lles daría aos novos emprendedores que intentan abrirse camiño no eido empresarial?**

Pois que non teñan medo ao fracaso cando emprenden ese camiño; que sexan cautelosos, mais firmes; que busquen os apoios necesarios e que traballen arreo na procura de conseguiren os seus obxectivos. Coido que non hai outra receita.

**Como presidente que foi da Confederación Europea da Construción e polas relacións internacionais que mantén como líder da patronal galega, vostede ten unha grande experiencia nas relacións empresariais no ámbito internacional. Que lle parece o novo Espazo Europeo de Educación Superior e a súa aposta pola mobilidade de estudantes e profesionais?**

Estou totalmente a favor. Vivimos nun mundo globalizado, cuestión que nos obriga a participar nas novas tendencias. E, neste sentido, a aposta pola mobilidade de estudantes e profesionais non só é necesaria, senón que tamén supón un beneficio para o desenvolvemento.

## A crise e os seus efectos sobre o emprego

Universidade e Sociedade Blogpaper

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

Reportaxe P4-5

Feira Europea de Emprego

Entrevista P6

Beatriz Mato

U + Profesionais P7

Ethel Vázquez Mourelle

Primeiro Plano P8-9

Antonio Fontenla

U + Debate P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

U + Empresa P11

Corporación Voz de Galicia

U + Transferencia P12

O Parque Tecnolóxico

U + Emprendedores P13

Telexerontoloxía

U + Centros P14

Terapia Ocupacional

U + Actualidade P15

Incrementátese a matrícula

U + Personaxes P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

### Asunción López Arranz Profesora da Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social



**“O mercado laboral é un enfermo crónico para o que aínda non se atopou o fármaco”**

O mercado de traballo español, adicto á contratación temporal, leva xerando emprego precario desde hai máis de vinte anos. A rotación laboral de traballadores que encadean contratos temporais coa mesma empresa, así como a contratación de distintos traballadores temporais cunha mesma empresa, demostra que esta é unha práctica que se converteu na corrente para o mundo empresarial, con toda a inseguridade que crea.

Tamén quedou evidenciado que os traballos cubertos con esta práctica só teñen a característica de temporalidade para os

traballadores, que prestan servizos en necesidades permanentes da empresa as cales, por tanto, terían que ser cubertas con contratacións indefinidas.

Con este mercado de traballo chegamos á situación actual de crise económica que vivimos. As consecuencias para os nosos traballadores pódense cualificar de graves. O mercado de traballo é un enfermo crónico ao cal se lle veñen dando fármacos paliativos reforma tras reforma, mais de momento non se atopou un fármaco eficaz para sandalo.

Son demasiados os factores que interaccionan nas relacións laborais e inciden directamente nos traballadores que os levan a ser a parte máis feble nas crises económicas. Os fluxos migratorios, que hoxe teñen un carácter de permanencia por múltiples circunstancias, tanto económicas como políticas ou climáticas, son algúns parámetros que deben estudarse e valorarse no seu conxunto, para determinar cal é a enfermidade que padece o noso mundo

laboral e como buscarlle unha solución global, non de parches continuados. A crise aféctalles aos traballadores, fainos máis vulnerables e con menos capacidade de defensa ante condicións de traballo abusivas, xornadas de traballo duplas para conciliaren vida laboral e familiar, e son máis proclives a sufriren estrés, riscos laborais de todo tipo, situacións límite que ao final acaban por levarlos ao final tráxico no mundo do emprego, que é o das reducións de persoal, as regulacións de emprego ou os despedimentos masivos.

Cómpre unha formulación integral da situación, en que se analicen as características máis profundas da crise e se fixen novas regras que reanimen, desde as súas raíces, a contratación laboral no noso país, que a fagan máis sólida e con capacidade de se enfrontar aos diferentes avatares que xurdan na nosa sociedade, a permitirlle unha maior estabilidade á parte máis feble da relación laboral: os traballadores.

### José López Coira Profesor do Departamento de Dereito Público Especial



**“Os empresarios reclaman unha maior flexibilidade laboral que permita unha efectiva toma de decisións”**

O empresariado non ten, en sentido propio, dereitos, senón facultades ou, o que é o mesmo, a posibilidade de facer ou non facer aquilo que as leis lle permiten. Dunha ou outra forma, os seus dereitos son os deberes dos traballadores reflectidos no artigo 5 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

A realidade económica actual non alterou, de momento, o regulamento desas facultades. Por iso veñen formulando

-mesmo desde antes da crise- a necesidade de reformar o marco normativo laboral, que debería evolucionar, segundo este criterio, desde un modelo excesivamente ríxido a outro máis flexible, para permitirle á empresa unha rápida e efectiva toma de decisións.

Á patronal acusárona de pretender unicamente, con esa demandada flexibilidade, abaratar o despedimento, mais esta negouno de forma reiterada e insistiu en que a reforma debe ter un maior calado e resolver de raíz os problemas que padecen a diario as empresas. Neste sentido, critica a excesiva duración dos trámites para os traslados (art. 40.2 da LET), as modificacións substanciais (epígrafes 2 e 4 do art. 41 da LET) ou as suspensións ou extincións contractuais (art. 51. da LET) de carácter colectivo, e o seu sometemento neste último caso á condición previa e suspensiva da aprobación administrativa; pide unha mellora na normativa de xestión e control da incapacidade temporal, pois

considera que a actual, a pesar da recente reforma, non é capaz de resolver o grave problema do absentismo; aspira a un sistema de contratación en que non resulten un inconveniente para a subscrición dun contrato indefinido as esixencias establecidas para a súa extinción; quere unha maior vinculación dos salarios coa produtividade; formula un novo regulamento da negociación colectiva etc.

O seu desexo reformador non queda, por outra banda, circunscrito ás normas laborais, senón que atinxe outros espazos da vida empresarial: a normalización do mercado financeiro, para poder acceder máis facilmente ao crédito; un mellor regulamento dos pagamentos das administracións públicas, que elimine as demoras excesivas; a adopción de medidas fiscais que incentiven o investimento; a aprobación de novas e máis eficaces medidas de apoio á investigación, o desenvolvemento e a innovación etc.



## Corporación Voz de Galicia A canteira dos comunicadores

A Corporación Voz de Galicia, a través da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, realiza un intenso labor formativo sobre os distintos actores do sector audiovisual galego e desenvolve tres ciclos formativos de posgrao.

O de maior tradición é o Mestrado en Edición Xornalística. Organizado pola Corporación Voz de Galicia, con título propio da Universidade da Coruña, ten lugar anualmente desde hai 16 anos. Os seus obxectivos son a formación de especialistas en información local e rexional, con profundos coñecementos sobre a linguaxe e as técnicas específicas do xornalismo. En resumo, formar profesionais especializados, con criterio e unha importante base ética e deontolóxica profesional.

O Mestrado en Producción e Xestión Audiovisual (MPXA) impártese desde 1999, e é unha iniciativa da Universidade da Coruña e da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre para formar profesionais capaces de ocuparen postos de produción executiva audiovisual. Ademais, dentro deste mestrado impártense dous títulos de posgrao, un en Cinema e outro en Televisión, que contan coa metade dos contidos do MPXA.


Por último, o CICA (Comercialización Internacional de Contidos Audiovisuais) é un curso de posgrao que ten como obxectivo formar axentes de vendas especializados no coñecemento dos diferentes mercados mundiais de cinema e televisión, técnicas de comercio exterior, coprodución, negociación, explotación transnacional e contratos audiovisuais. O curso desenvólvese baixo o paraguas do Instituto de Comercio Exterior (ICEX), que facilita prácticas a profesionais en empresas distribuidoras do exterior. "Nace da reflexión do sector audiovisual que sabe que existen moitísimas empresas produtoras de contidos, mais que se exporta moi pouco. Así que desenvolvemos este curso de formación específico para

profesionais", explica María José Arrojo, subdirectora da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

Alén destas accións formativas, a empresa facilítalle tanto ao alumnado da UDC como ao doutras universidades prácticas de verán para "estudantes de Xornalismo, Comunicación e Comunicación Audiovisual nas distintas redaccións da Corporación", explica Arrojo. Como complemento a estes cursos e ás prácticas regradas, a Corporación Voz de Galicia dedícalle un importante esforzo á formación continua dos profesionais da comunicación de Galicia, "con foros, charlas e conferencias en que se tratan temas de xornalismo, protocolo, comunicación e televisión", engade a directora da Escola de Medios.

No tocante aos departamentos ou empresas do grupo en que realiza prácticas o alumnado da Universidade da Coruña cabe citar o de Asesoría Xurídica, en que completan a súa formación os alumnos do Mestrado en Asesoramento Xurídico Empresarial, así como Canal Voz, que acolle os que cursan o Mestrado en Creación e Comunicación Dixital. Ademais, nos departamentos de Redacción cóntase con alumnado da Facultade de Filoloxía, e na sección de Deportes da radio participan estudantes do INEF. No departamento de Documentación e Arquivo realízanse prácticas de Biblioteconomía e Documentación, que se cursa como carreira na Facultade de Humanidades, e tamén completan a súa formación na empresa Sondaxe alumnos da Facultade de Socioloxía, mentres que os da Facultade de Ciencias da Educación ocupan postos de prácticas na Fundación.

Outro servizo destacado que presta a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre é o das bolsas propias para o alumnado con moi bo expediente académico. O obxectivo é que ningún estudante con altas capacidades quede sen realizar algúns dos mestrados que ofrece a Corporación Voz de Galicia por razóns económicas.



## O Parque Tecnolóxico, un espazo de convivencia que aproveita as fortalezas da Universidade

Universidade e Sociedade Blogpaper



Directorio P2

U + Sociedade P3

Antonio Abril Abadín

Reportaxe P4-5

Feira Europea de Emprego

Entrevista P6

Beatriz Mato

U + Profesionais P7

Ethel Vázquez Mourelle

Primeiro Plano P8-9

Antonio Fontenla

U + Debate P10

A crise e os seus efectos sobre o emprego

U + Empresa P11

Corporación Voz de Galicia

U + Transferencia P12

O Parque Tecnolóxico

U + Emprendedores P13

Telexerontoloxía

U + Centros P14

Terapia Ocupacional

U + Actualidade P15

Incrementátese a matrícula

U + Personaxes P16

María del Carmen Colmeiro Rojo

Avanzar na transferencia de resultados da investigación é un dos grandes retos da Universidade da Coruña para contribuír ao progreso e á innovación na sociedade. Unha das iniciativas máis ambiciosas neste ámbito é o Parque Tecnolóxico, un conxunto de centros de investigación que se reparten entre os campus de Elviña e Ferrol. Este proxecto, que xorde da necesidade de crear un espazo físico real e compartido para a universidade e a empresa, é xa unha realidade en pleno desenvolvemento, coa primeira fase operativa.

Botar a andar o parque foi unha viaxe longa e complicada, pois houbo que deseñar unha estrutura societaria e iniciar un proceso administrativo para se poñeren en marcha os módulos que forman parte deste complexo. Partiu-se da premisa de aproveitar as fortalezas da Universidade da Coruña para deseñar os contidos. Froito desa estratexia naceron tres centros.

### CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑARÍA CIVIL

A existencia das escolas de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos e de Arquitectura, titulacións únicas en Galicia, con grupos de investigación moi activos, facía necesario crear este centro, que está dotado coa tecnoloxía que vai á cabeza en Europa. Acolle grupos de investigadores que estudan aspectos da construción, enxeñaría hidráulica, enerxía sanitaria ou enxeñaría de portos e costas, ademais de realizaren estudos de aeroelasticidade en pontes. O edificio do CITEEC, situado no campus de Elviña, estase ampliando para contar con 5.000 m<sup>2</sup> útiles, nunha obra que estará rematada o ano que vén. Dese xeito será posible iniciar proxectos de traballo en novas áreas, alén das xa existentes.



### CENTRO DE INVESTIGACIÓN DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Outra das fortalezas da Universidade da Coruña é o ámbito das TIC. A Facultade de Informática da UDC é a máis destacada de Galicia en desenvolvemento de sófware, capaz de realizar proxectos para grandes empresas. Froito desa competencia naceu o CITIC, onde se está a implantar con grande éxito un modelo que consiste en lles dedicar unha parte do centro aos grupos de investigación da Universidade con proxectos activos e de carácter non indefinido, mentres que na outra parte cédenselles espazos a empresas que pagan un aluguer mensual a prezo de mercado, mais con bonificacións suxeitas á súa colaboración coa UDC, ao contrataren estudantes en prácticas, doutores ou proxectos con grupos de investigación. Co fin de promover este sistema, que se intentará implantar tamén noutros centros, estase rematando tamén unha ampliación do CITIC, que está situado no campus de Elviña.

### CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Neste centro, situado no campus de Ferrol, aglutínanse os grupos de investigación máis activos no ámbito da enxeñaría naval e industrial. Trátase dos grupos da UDC que concentran o maior volume de contratación de proxectos con empresas, polo que a actividade é moi intensa. Nos seus cinco laboratorios investiganse aspectos de mecánica de fluídos, polímeros, aplicacións industriais do láser, química ou combustibles, e foi necesario acometer unha ampliación do centro, cun proxecto xa licitado.

Estes tres centros do Parque Tecnolóxico están funcionando xa a pleno rendemento e con garantías de ampliación a curto prazo. Agora, o seguinte paso será poñer en marcha os proxectos pendentes. O cambio de goberno na Xunta de Galicia fixo que a Administración galega comezase a reformular o modelo de apoio aos centros tecnolóxicos, o que modificou os planos da UDC, os cales non obstante seguen adiante con diversas iniciativas como as seguintes.



### CENTRO DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS AVANZADAS

É outro dos retos da UDC para este Parque Tecnolóxico, co obxectivo non só de lles dar cabida aos investigadores que desenvolven o seu traballo na Facultade de Ciencias, en ámbitos como a bioloxía ou a química, senón de animalos a que combinen a investigación básica coa investigación máis aplicada a aspectos moi en voga arestora como os recursos naturais e a protección ambiental. Na actualidade está a ser construído e prevese que entre en funcionamento ao longo de 2010.

**CENTRO TECNOLÓXICO TÉXTIL GALEGO**  
Velaquí outra das prioridades da UDC, tendo en conta a puxanza do sector téxtil na comunidade. Aínda non conta con instalacións propias, mais xa está constituído e desenvolve a súa actividade nun local provisorio do CITIC. O obxectivo deste centro é implicar todas as empresas do sector en Galicia, co fin de converter este núcleo de investigación en referente internacional, para o que conta co apoio explícito do grupo Inditex.

### CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA PARA A TERCEIRA IDADE E COLECTIVOS DE PERSOAS DEPENDENTES (ASISTA)

Este centro, en que se reunirán os especialistas que investigan na área de saúde da Universidade, conta xa co plan de viabilidade aprobado. De feito, o proxecto estaba incluído na primeira fase da posta en marcha do Parque Tecnolóxico. Finalmente, e tras diversos atrancos, será a UDC a que o poña en marcha directamente, sen participación da Administración. É que a necesidade de contar con Asista vén avalada polo prestixio dos centros do ámbito das ciencias da saúde como Fisioterapia, Terapia Ocupacional ou Enfermaría, e do Grupo de Investigación en Xerontoloxía.

### CENTRO EMPRESARIAL

Como todo complexo tecnolóxico, o parque coruñés tiña que ter o seu centro para albergar as entidades de base tecnolóxica, e ampliar dese xeito a capacidade do actual Viveiro de Empresas, que está a dar uns magníficos resultados. Tamén se ofrecerán locais para que as compañías poidan desenvolver accións tecnolóxicas e aproveitar así as sinerxias que xurdiren. Actualmente a Universidade da Coruña está negociando para dispoñer dun centro que responde ás necesidades creadas, co fin de que comece a funcionar no ano 2010.



## Telexerontoloxía

# Un produto pioneiro da UDC que revolucionará o mundo da asistencia domiciliaria ás persoas maiores



Telexerontoloxía, o novo recurso de apoio domiciliario dirixido ás persoas maiores ou con perda de capacidade funcional ou cognitiva, ten unhas posibilidades infinitas para un colectivo cada vez máis numeroso na sociedade actual e con maior esperanza de vida. Testado xa en 200 usuarios de cinco centros cívicos da Coruña grazas a un convenio asinado co Concello, estenderase a outras 200 persoas o próximo ano, dado o interese que suscitou un recurso en que a persoa beneficiaria unicamente precisa dun televisor, un micrófono e unha cámara web para permanecer totalmente atendida fronte a emerxencias, medir as súas constantes vitais ou realizar exercicios de adestramento cognitivo.

O impulsor desta iniciativa é o Grupo de Investigación en Xerontoloxía da Universidade da Coruña, creado en 1992 co obxectivo de afondar no envellecemento e nos aspectos que o afectan. Desde unha perspectiva multidisciplinar, o grupo dirixido polo profesor José Carlos Millán Calenti integra desde médicos até psicólogos, sociólogos, enxeñeiros, terapeutas ocupacionais, fisioterapeutas, logopedas, enfermeiros ou traballadores sociais. Trátase de persoal especializado en xerontoloxía e nese reto de mellorar a calidade de vida das persoas maiores levan sete anos desenvolvendo un novo recurso asistencial a través da web e bautizado como Telexerontoloxía. Ten como obxectivo o apoio domiciliario a partir da evolución da teleasistencia básica, apoiase no avance das tecnoloxías da información e das comunicacións e segue os principios básicos da atención xerontolóxica que Millán Calenti e o seu equipo tan ben coñecen.

Deste xeito, Telexerontoloxía permite manter as persoas maiores máis tempo no seu domicilio apoiadas as 24 horas do día os 365 días do ano. Esta tecnoloxía, desenvolvida integramente en Galicia en colaboración coa Administración e co apoio de diversas entidades, ofrece numerosas posibilidades que van moito máis alá da fórmula clásica, polo que existe un grande interese na súa comercialización. Isto levou o director do grupo, Millán Calenti, a se formular a constitución como empresa de base tecnolóxica, co fin de canalizar a posta no mercado deste servizo.

Con respecto ao seu funcionamento e ás súas aplicacións, precisase unicamente conexión á internet, un televisor e unha

pasarela residencial de desenvolvemento propio. Explica o profesor Millán que as persoas usuarias, que pola súa idade normalmente non están familiarizadas cos ordenadores nin coa internet, só teñen que poñer unha determinada canle da televisión para accederen ao servizo. Ademais, contan cunha pulseira cun interruptor que, caso de emerxencia, pon en marcha de forma automática unha videoconferencia entre o domicilio e o centro adscrito, que neste proceso inicial é o Complexo Xerontolóxico La Milagrosa, de que a Universidade é entidade colaboradora. Considerado como un dos centros máis modernos de Europa, salienta pola aplicación de novas tecnoloxías, e é un dos poucos centros de atención deste tipo recoñecido polo Ministerio de Industria como centro de I+D+i.

A persoa usuaria de Telexerontoloxía pode obter información xeral sobre prevención de enfermidades, conectar co centro para realizar rehabilitacións in vivo, consultar a dispoñibilidade dos profesionais que a atenden, con horarios de consulta e posibilidade de concertar citas, así como establecer videoconferencias con eses profesionais para formular preguntas que se responden de inmediato, de maneira que se reducen os tempos e as listaxes de agarda ou as horas de consulta. Outro dos servizos que incorpora é o control doméstico de todos os elementos do domicilio (calefacción, persianas, luz, apertura de portas...) e ten unha aplicación que, asegura o profesor Millán, está xerando grande interese: o adestramento cognitivo. Ofrecense máis de 1.500 actividades que se poden realizar por medio do televisor.

Alén disto, ao pequeno ordenador que xestiona estas aplicacións e as exporta ao televisor adaptáronse dispositivos para a medición da temperatura corporal, a tensión arterial, a frecuencia cardíaca ou o nivel de saturación de osíxeno que ofrecen os resultados de inmediato e os envían á base de datos do centro La Milagrosa. Mais non só iso: "Por medio de algoritmos informáticos ofrécense os consellos necesarios para que o usuario intente corrixir os desequilibrios que se produzan nos resultados", explica o profesor, que cre que cando este recurso estea no mercado vai supoñer un paso de xigante na asistencia ás persoas maiores. De feito, é unha "primicia a nivel mundial", engade Millán, xa que "ninguén desenvolveu un produto que reúna todos estes elementos,

senón que se comercializan de xeito illado". Neste momento, o proxecto xa aprobou o plan de viabilidade "cun resultado moi positivo", asegura o director do grupo de investigación, que engade que o primeiro módulo para a comercialización do produto é de 2.500 persoas. O test chega este ano ás 400 persoas a través de centros cívicos municipais, polo que ese día non tardará moito en chegar. Mentres, estase na fase de busca e deseño dunha fórmula para a constitución da empresa.

### PROXECTOS EUROPEOS

O Grupo de Investigación en Xerontoloxía está inmerso na actualidade en tres proxectos europeos entre os que figura o CompanionAble, enmarcado no VII Programa marco da UE e no cal colaboran 18 institucións de 8 países, entre as que se atopa a Universidade da Coruña. Este proxecto desenvolve un acompañante humanoide robótico móbil nunha casa intelixente, é dicir, suma as vantaxes dun robot que poida desenvolver determinadas tarefas de asistencia e do control doméstico do domicilio. Así, o modelo deseñado neste proxecto, en que se levan dous dos catro anos de prazo total estipulado, ten capacidade de recoñecer caras e de poñer en marcha videoconferencias, móvese por toda a casa e desenvolve as funcións de teleasistencia máis completas mediante novas tecnoloxías. O único prototipo que existe deste robot foi testado recentemente no Centro La Milagrosa con resultados moi positivos, e o ano que vén probarase en diversos hospitais e centros de maiores dos países que colaboran no proxecto.



## Terapia Ocupacional Especialistas en utilizar a actividade como arma terapéutica

O 19 de xuño de 2009, xusto unha década despois da sinatura do convenio do Plan Boloña, celebrouse na Facultade de Ciencias da Saúde da UDC o acto de graduación dos titulados en Terapia Ocupacional. Non foi unha casualidade, fíxose coincidir a data porque esa promoción era nada menos que a das primeiras persoas graduadas de España en todas as áreas de coñecemento. Grazas á adaptación desta titulación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) durante o curso 2008-2009, nun proceso en que se optou por implantar o grao non só en primeiro, senón tamén en cuarto curso, a Universidade da Coruña converteuse en pioneira do sistema educativo do Estado, o cal é unha satisfacción e un orgullo para o decano de Ciencias da Saúde. Sergio Santos del Riego confesa que todo o traballo realizado para acadar este obxectivo pagou a pena. “O Plan Boloña xa é un feito para esta facultade”, asegura, para engadir como motivos desta aposta que “nós estabamos en condicións de emprender a adaptación porque sabiamos o que queriamos: ir por diante para estruturar unha titulación moi interesante que serve de exemplo e proxección nacional”.

A respecto do balance da posta en marcha do novo sistema, tanto estudantado como profesorado están “moi contentos” e “orgullosos dunha facultade converxente, europea e con capacidade para afrontar outros retos”, sinala o decano. Ademais, a implantación do grao permitiu establecer metodoloxías de ensino innovadoras, con clases expositivas mais participativas, unha avaliación continuada e unha atención titorial personalizada e directa co alumnado, grazas a un compromiso moi activo por parte de profesorado e persoal de administración e servizos. “Boloña non foi nada problemático”, resume Sergio Santos, que insiste na necesidade de afrontar a converxencia europea cunha profunda revisión dos formatos das titulacións e os modos de ensinar.

No caso de Terapia Ocupacional, o proceso foi complexo, mais non conflitivo, porque esta titulación xa tiña un enfoque eminentemente práctico, con “alumnos moi comprometidos e vocacionais, que saben que o tipo de atención en que se están a especializar vai ir dirixida fundamentalmente a persoas con discapacidade, persoas maiores ou colectivos en situación de marxinación social”.

Con respecto ao plan de estudos, grazas ao EEES regularáronse e integráronse de forma plena nos programas as prácticas que se fan nesta titulación. De feito, existen oito materias unicamente prácticas, desde as de observación en primeiro curso, en que o alumnado entra en contacto coa realidade cotiá da terapia ocupacional en centros de diversa índole, até as de ergonomía ou accesibilidade ou as estadias de prácticas con rapaces, adultos con discapacidade física e intelectual ou persoas maiores, que se realizan en segundo e terceiro curso. Xa ao final da carreira o alumnado permanece varios meses traballando en centros e, por último, realiza un proxecto preprofesional en que comeza a procurar as fórmulas para se integrar no mercado laboral.


Por tanto, cando saen do centro estes titulados están xa moi familiarizados co labor profesional alén dos coñecementos puramente teóricos. “Buscan mellor a vida, aprenden a falar en público xa desde o primeiro curso e colaboran en publicacións” asegura o decano, que lembra que “o que pretendemos no proceso de formación é que o noso alumnado saiba argumentar, promoverse individualmente e promover colectivamente a súa profesión”.

### INSTALACIÓNS ENFOCADAS Á FORMACIÓN PRÁCTICA

A titulación de Terapia Ocupacional impártese nun edificio de nova construción situado no “campus da saúde”, en Oza. Conta con diversos laboratorios, como o de integración sensorial, que é un dos poucos que existen en España, os dous laboratorios de actividades e recursos terapéuticos, un de psicomotricidade e un piso adaptado que está a se completar. O alumnado tamén pode dispoñer da sala de informática e dunha sala de estudos polivalente.

Actualmente os alumnos por curso son uns 50, o que permite impartir as clases e as prácticas a grupos reducidos. A terapia ocupacional ten como obxectivo utilizar a ocupación (actividades da vida diaria, educación, traballo, xogo, lecer e participación social) cun fin terapéutico. O que se busca é potenciar ao máximo a autonomía persoal e a funcionalidade das persoas destinatarias destas terapias, desenvolver as súas capacidades residuais e mesmo lograr a compensación das funcións perdidas.

O/a profesional deberá estar capacitado/a para realizar asesoramento, prevención, avaliación, tratamento e inclusión das persoas con diversidade funcional, para o cal poderá traballar de xeito interdisciplinar con outros profesionais. Canto ás saídas laborais, os espazos de traballo abranguen desde o sector sanitario (hospitais, centros de saúde, mutuas de accidentes, centros de día ou residencias xerontolóxicas), até o social (concellos, servizos sociais, fundacións e asociacións de atención ás persoas con discapacidade, centros de atención á drogadicción ou cárceres) ou o educativo (centros de ensino xeral, de educación especial, asociacións de nais e pais de nenos con necesidades educativas especiais ou docencia). Ademais, poden enfocar a súa profesión cara a empresas de axudas técnicas e ortopedia ou servizos de asesoramento. Por último, a investigación e o desenvolvemento é outro dos aspectos que se queren reforzar desde o decanato, onde se anima o estudantado a realizar o doutoramento ou apostar pola investigación neste campo, o que contribúe a incrementar o prestixio da titulación.



## Incrementábase a matrícula nun momento crucial da historia da Universidade da Coruña

Preto de 25.000 alumnos estudan na Universidade da Coruña este curso. Unha cifra que demostra a boa evolución da matrícula, que este ano rexistrou un incremento do 6% no número de estudantes con respecto ao curso pasado, segundo se desprende dos datos rexistrados nos campus da Coruña e Ferrol, en que até o momento se inscribiu un total de 4.586 novos estudantes. Está previsto que cifra medre aínda máis no mes de xaneiro, cando se abra o prazo de inscrición de varios títulos propios de posgrao. É significativo o feito de que a matrícula suba en todos os tramos académicos, tanto o que se corresponde co nivel de grao como nos mestrados oficiais de posgrao.

Estes datos marcan unha liña ascendente logo de que o curso pasado se constatase o mantemento das inscricións a respecto do anterior, e encádranse nun momento de singular importancia na historia desta universidade, que está en pleno proceso de transformación dos seus planos de

estudo para facelos homologables aos que se imparten nas universidades de 46 países europeos. O proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior comezou na Coruña no curso 2006/2007 coa oferta dos primeiros mestrados oficiais universitarios e rematará o vindeiro curso 2010/2011 coa plena adaptación de todas as titulacións de primeiro e segundo ciclo. Este ano académico a Universidade da Coruña ofrece un total de 41 mestrados oficiais de posgrao e 46 titulacións de primeiro e segundo ciclo ou grao.

O deseño do programa de mestrados ten como obxectivo ofrecer unha formación avanzada cunha orientación profesional que lle permita ao seu alumnado especializarse dentro de cada área ou abrir un novo camiño: a carreira investigadora. A Universidade da Coruña tamén ofrece programas de doutoramento adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior cos cales se consegue o máximo nivel académico superior: o título de doutor/a.

No que ten a ver coas disciplinas en que se imparten mestrados, van desde as técnicas como Arquitectura ou as enxeñerías de Camiños, Naval, Industrial e Informática, até as xurídico-sociais como Dereito, Socioloxía, Economía, Psicoloxía e Ciencias da Educación, ou relacionadas co eido das ciencias e da saúde, como Tecnoloxía Ambiental, fFisioterapia, Xerontoloxía e Investigación Sanitaria.

No tocante ás titulacións de primeiro, segundo ciclo e grao, a convivencia entre as licenciaturas e diplomaturas e os graos mantense até acadar a total adaptación, aínda que a listaxe xa está dominada polos graos, pois a Universidade da Coruña acadou a verificación de todos os novos títulos propostos para este curso. Así, foron un total de 24 graos os que se implantaron este ano, unidos aos xa existentes deste o curso 2008-2009, en Terapia Ocupacional e Socioloxía. O resto das carreiras están inmersas nun proceso de transformación que culminará no curso 2010-2011.



### TITULACIÓNS

#### Humanidades

- Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios
- Grao en Humanidades
- Grao en Información e Documentación

#### Ensinanzas Técnicas

- Arquitectura
- Grao en Enxeñaría de Edificación
- Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Enxeñaría Técnica en Obras Públicas. Especialidade en Construción Civil
- Enxeñaría en Informática
- Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
- Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión
- Enxeñaría Industrial
- Enxeñaría Naval e Oceánica
- Licenciatura en Máquinas Navais
- Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo
- Diplomatura en Máquinas Navais
- Diplomatura en Navegación Marítima
- Enxeñaría Técnica Naval. Especialidade en Propulsión e Servizos do Buque
- Enxeñaría Técnica Naval. Especialidade en Estructuras Mariñas
- Enxeñaría Técnica Industrial. Especialidade en Electrónica Industrial
- Enxeñaría Técnica Industrial. Especialidade en Electricidade
- Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto

#### Ciencias Experimentais

- Grao en Química
- Grao en Bioloxía

#### Ciencias Sociais e Xurídicas

- Grao en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Economía
- Grao en Ciencias Empresariais
- Licenciatura en Psicopedagogía (só 2.º ciclo)
- Grao en Educación Infantil
- Grao en Educación Primaria
- Grao en Logopedia
- Grao en Educación Social
- Grao en Socioloxía
- Grao en Dereito
- Licenciatura dupla en Dereito e en Administración e Dirección de Empresas
- Grao en Comunicación Audiovisual
- Grao en Turismo
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos
- Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (A Coruña)
- Grao en Relacións laborais e Recursos Humanos (Ferrol)

#### Ciencias da Saúde

- Grao en Enfermaría (A Coruña)
- Grao en Enfermaría (Ferrol)
- Grao en Podoloxía
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Terapia Ocupacional

## María del Carmen Colmeiro Rojo Presidenta autonómica da Cruz Vermella Española

### O mellor recordo como estudante.

Os amigos son o meu mellor recordo. Tamén lembro os partidos de baloncesto, gustábame moito xogar.

### O/a profesor/a que máis a marcou. Por que?

Un profesor de Latín, chamábase Argomaniz. Marcoume pola súa calidade no trato cos estudantes.

### A súa materia pendente.

Viaxar a África é algo que teño pendente e que me encantaría facer.

### A viaxe de fin de curso que lle gustaría facer.

Gustaríame facer unha viaxe a Roma cos meus compañeiros de clase. Estiven en Roma, mais por outros motivos e con outra compañía.

### Un fito na historia das organizacións non-gobernamentais ou da axuda humanitaria.

A elección, en 2001, do actual presidente nacional da Cruz Vermella Española, Juan Manuel Suárez del Toro, como presidente da Federación Internacional de Sociedades da Cruz Vermella e da Media Lúa Vermella.

### A principal lección que lle deron.

Axudar sempre as persoas máis vulnerables.

### Se volvese estudar, que elixiría?

Seguramente Económicas.

### O mellor consello que recibiu.

Sorrir sempre, incluso aos inimigos.

### O mellor consello que daría.

O mesmo.

### Quixo que a tragase a terra cando...

O meu fillo tivo un gravísimo accidente de moto.

### O logro de que se sente máis orgullosa.

Da miña familia, do meu título de condessa de Pardo Bazán e de pertencer á Cruz Vermella.

### O seu maior reto cumprido na Cruz Vermella.

Levar 39 anos na institución.

